

ESTA NOITE HAI UNHA TASCA

1

Esta noite hai unha tasca,
non me deixan ir a ela;
os ollos da miña roxa
toda a noite están en vela.

2

Esta noite hai unha tasca,
tamén hai unha espadela;
miña nai bóteme o caldo
que eu tamén quero ir a ela.

3

Esta noite hei de ir á fía,
non vou por fiar na roca,
vou por toca-lo pandeiro
que esta noite a min me toca.

4

Sei dun niño dun carrizo
no porreiro das cebolas;
carriciño, vente, vente,
vamos ve-las tascadoras.

♩ = 108



Es - ta noi - te hai u - nha tas - ca,



non me dei - xan ir a e - la;



os o - llos da mi - ña ro - xa



to - da a noi - te es - tán en ve - la.